

DEBUXO ARTÍSTICO

Programa de Debuxo Artístico da PAU-M25, 2025.
Orientacións de Debuxo Artístico da PAU-M25, 2025.

1. PROGRAMA DE DEBUXO ARTÍSTICO da PAU-M25

CONTIDOS

TEMA 1. ESTRUCTURA E ENCAIXE.

1. Estudo da forma estrutural e da forma aparente.
2. O encaixe como inicio de estudo.
3. Coñecemento do material (seco, húmido e graso).

TEMA 2: ESTUDO DA LUZ, DO VOLUME E DO CLAROSCURO.

1. Estudo da luz sobre a forma.
2. Estudo do claroscuro e da forma definida pola luz.
3. Coñecemento do material (carbón, lápiz composto, barra composta, etc)

TEMA 3. RELACIÓNS ESPACIAIS ENTRE O MODELO E O ENTORNO.

1. Estudo compositivo.
2. Estudo do debuxo na historia da arte.
3. Coñecemento do material na historia da arte.

TEMA 4. INTERPRETACIÓN, VALORACIÓN E CLAROSCURO.

1. Estudo e interpretación da forma no debuxo.
2. A valoración da forma no debuxo.
3. A expresión formal no debuxo.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O estudante deberá ter en conta os seguintes aspectos:

1) Estudo analítico das formas

- Analizar e describir gráficamente as formas atendendo ás súas organizacións estruturais. Analizando a distribución espacial das formas no debuxo.

- Coñece-los fundamentos compositivos na obra de arte na superficie plana.

2) Síntese das formas

- Mediante o emprego de bocetos farase un estudio sintético da forma, demostrando así a capacidade persoal de comprensión da forma.
- Capacidade de representa-lo imaxinado.

3) Realización práctica do debuxo.

- Coñece-lo procedemento escollido polo estudante para realiza-la proba debuxada.
- Análise e interpretación da obra de arte, das vangarda artística e da propia obra.

BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

MALTESE, C. (1990). (Coodinador). Las técnicas artísticas. Madrid, Cátedra.

PISCHEL, G. (1982). El gran libro de la escultura desde la prehistoria hasta hoy. (3 vol) Bilbao, Desclee de Brouwer.

KRAUSS, Rosalind E. (1996). La originalidad de la Vanguardia y otros mitos modernos. Madrid, Alianza Forma.

2. ORIENTACIÓNS DE DEBUXO ARTÍSTICO da PAU-M25

Esta materia é unha materia optativa e pertence a opción A) Artes e Humanidades.

O obxectivo da proba é deixar constanciá da comprensión do debuxo coma un medio de coñecemento, de análise e de expresión na arte.

A proba é eminentemente práctica e consiste na realización dun debuxo de interpretación dunha imaxe proposta e un exercicio de comentario da obra artística e a súa interpretación.

Pregunta 1. Nela farase un debuxo sobre un papel formato DIN A4, cun grama-xe non inferior a 90 g/m², o papel entregarase no momento da proba.

A técnica a empregar será libre, debese ter en conta que estará seca no momento da entrega do exercicio na aula. Entre outras técnicas poderanse empregar técnicas secas (grafito, lapis ou rotuladores de cores, collage, carbón prensado,...) e/ou húmidas (tinta, acuarela, témpera, collage, ...) de secado rápido e natural, non se poderá usar secador eléctrico. O alumno deberá levar ó exame o material necesario para a realización da proba excepto o papel DIN A4

que entregárase no momento da realización da proba. A puntuación máxima é de **7 puntos**.

Nesta pregunta avaliarase:

- A capacidade creativa do estudante, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas que se van representar.
- O coñecemento do material empregado, a súa adecuación ó debuxo realizado.
- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A composición da obra creativa de interpretación realizada.
- A capacidade de representa-lo imaxinado.
- As relacións de proporcións entre os obxectos.
- A capacidade de análise e síntese da imaxe.

Pregunta 2. Deberá realizarse dun comentario escrito que responda a interpretación realizada na pregunta 1. e na que poderá incluírse nunha análise compositiva, simbólica e técnica da obra proposta e da relación coa interpretación feita na anterior pregunta. A puntuación máxima é de **3 puntos**.

Nesta pregunta avaliarase:

- A claridade expresiva do comentario.
- A capacidade de concreción daquelas cuestións que complementen ás representadas graficamente na primeira da pregunta.
- O coñecemento da terminoloxía básica dentro do ámbito artístico.

Calquera dúbida pode dirixirse a: aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 6 de novembro 2024

Araceli M. Liste Fernández

(Responsable do exame de Debuxo Artístico)